

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día tres de decembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de novembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de novembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 14 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2020, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 227, do 28 de novembro de 2019).

- Resolución do 19 de novembro de 2019, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2020. (Diario Oficial de Galicia número 228, do 29 de novembro de 2019).

- Resolución do 19 de novembro de 2019, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2020. (Diario Oficial de Galicia número 229, do 2 de decembro de 2019).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 22 ao 28 de novembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 2330/2019 e remata coa resolución de Alcaldía número 2412/2019, segundo se relaciona a seguir:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|---|
| 2320/2019 | 22-11-2019 | APSV Programa de Lecer e diversidade funcional. Actividades novembro-decembro 2019. Tarde de Bolera e Cea de Nadal 2019 |
| 2321/2019 | 22-11-2019 | Servizo de transporte para as persoas participantes nas visitas programadas nas XVII Xornadas Castrexas do Concello de Cambre |
| 2322/2019 | 22-11-2019 | Recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente a facturas con reparos por importe total de 2.394,31 euros |
| 2323/2019 | 22-11-2019 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 11.574,97 euros |
| 2324/2019 | 22-11-2019 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de novembro de 2019 |
| 2325/2019 | 22-11-2019 | Concesión axuda alimentos a GIC por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto |
| 2326/2019 | 22-11-2019 | Aprobación lista de admitidos Programa de actividades xuvenís : O freixo de Montepando |
| 2327/2019 | 22-11-2019 | Procedemento de comprobación limitada PCL 4/2019, á razón comercial UFD S.A. |
| 2328/2019 | 22-11-2019 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 5.412,26 euros |
| 2329/2019 | 22-11-2019 | Designación de relatores para as conferencias das XVII Xornadas castrexas do Concello de Cambre |
| 2330/2019 | 22-11-2019 | Corrección de erros do decreto 2293/2019 do 15 de novembro de 2019/adx. de CM a Paula Carballeira |
| 2331/2019 | 22-11-2019 | Procedemento de comprobación limitada PCL 2/2019, a razón comercial GNS SDG S.A. |
| 2332/2019 | 22-11-2019 | Contrato menor: Libros para os cursos AFD 2019-2020 e Obradoiro |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|---|
| | | de Emprego PROXEDIS- PROWEB |
| 2333/2019 | 22-11-2019 | Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en nave industrial sita na Xira, Sigrás sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: Almacenes J. S |
| 2334/2019 | 22-11-2019 | Licenza de edificación de centro de servizos funerarios en Samosteiro, nº 3 - Cambre a nome de ToFL |
| 2335/2019 | 25-11-2019 | Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de novembro de 2019 |
| 2336/2019 | 25-11-2019 | Procedemento de comprobación limitada PCL 3/2019, á razón comercial GN S.U.R., SDG, S.A. |
| 2337/2019 | 25-11-2019 | Recoñecemento extraxudicial de crédito correspondente a facturas con reparos por importe total de 18.636,39 euros |
| 2338/2019 | 25-11-2019 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 61.692,70 euros |
| 2339/2019 | 25-11-2019 | Aprobación de certificacións de obra "mellora parque infantil e pista polideportiva da Balastreira (Cecebre) e do parque infantil do Souto (Sigrás), POS+2018" e facturas correspondentes con reparos. fase o |
| 2340/2019 | 25-11-2019 | Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 36529,26 euros |
| 2341/2019 | 25-11-2019 | Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a MICL |
| 2342/2019 | 25-11-2019 | Procedemento de comprobación limitada PCL 5/2018, á razón comercial IC S.A.U. |
| 2343/2019 | 25-11-2019 | Procedemento de comprobación limitada PCL1/2019, a razón comercial EE S.A.U. |
| 2344/2019 | 25-11-2019 | Pagamento nómina mes de novembro de 2019 por un importe bruto de 381.790,81 euros |
| 2345/2019 | 25-11-2019 | Conceder a axuda para alimentación básica e hixiene persoal por importe de 600 euros durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto a MLB |
| 2346/2019 | 25-11-2019 | Desistencia axuda auga AHC |
| 2347/2019 | 25-11-2019 | Renuncia axuda emerxencia social para gastos farmacéuticos, auga e luz de RMRA |
| 2348/2019 | 25-11-2019 | Expediente de disciplina urbanística 07/57/06 incoado a Cy F, CS.L. por construción de nave industrial sen adaptarse á licenza concedida |
| 2349/2019 | 25-11-2019 | Procedemento de comprobación limitada PCL7/2019, á razón comercial GG SDG S.A |
| 2350/2019 | 25-11-2019 | Procedemento de comprobación limitada PCL6/2019, á razón comercial EE S.A.U |
| 2351/2019 | 25-11-2019 | Solicitude axuda emerxencia social alimentos a de MDPFM |
| 2352/2019 | 25-11-2019 | Solicitude axuda emerxencia social alimentos a SVLP |
| 2353/2019 | 25-11-2019 | Convocatoria do grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións (PES) para o xoves 28 de novembro de 2019 ás 19:15 horas |

| | | |
|-----------|------------|--|
| 2354/2019 | 25-11-2019 | Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Amil, Cambre |
| 2355/2019 | 26-11-2019 | Axuda emerxencia social. Solicitante: SLM |
| 2356/2019 | 26-11-2019 | Aprobación de facturas e gastos por importe total de 14.338,50 euros |
| 2357/2019 | 26-11-2019 | Conceder a licenza municipal para executar unha acometida de gas natural canalizado na vivenda unifamiliar sita en Pena da Nosa Señora, Cambre. Solicitante: NG, S.A. |
| 2358/2019 | 26-11-2019 | Denegación axuda emerxencia social recibos luz a CRSR |
| 2359/2019 | 26-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante: CRSR |
| 2360/2019 | 26-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante ARDS |
| 2361/2019 | 26-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante: CJBC |
| 2362/2019 | 26-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante: OLAS |
| 2363/2019 | 26-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante: MCJS |
| 2364/2019 | 26-11-2019 | Solicitude de bonificación da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras por proxecto de instalación solar fotovoltaica de autoconsumo e devolución de ingresos indebidos. Solicitante: MPCP |
| 2365/2019 | 26-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante: FMLR |
| 2366/2019 | 26-11-2019 | Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na finca sita en Lamiño, Cambre. Solicitante: APL |
| 2367/2019 | 26-11-2019 | Ausencia de don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, dende o día 29 de novembro ao 1 de decembro de 2019, ambos os dous incluídos. |
| 2368/2019 | 26-11-2019 | Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita en Sobrecarreira, Sigrás. Solicitante: UFD DE, S.A. |
| 2369/2019 | 26-11-2019 | Facturación de EMALCS.A. por subministración de auga en Espírito Santo durante los años 2017 a 2019 |
| 2370/2019 | 27-11-2019 | Contrato menor: Subministración de farmacia para a docencia do obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB 2019-2020, e para os botiquíns dos cursos do Plan AFD 2019-2020. |
| 2371/2019 | 27-11-2019 | Contrato menor subministración area para areiros ceips |
| 2372/2019 | 27-11-2019 | Denegación axuda luz a MJBB por estar o recibo xa pagado |
| 2373/2019 | 27-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante: AGCPV |
| 2374/2019 | 27-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante ADCH |
| 2375/2019 | 27-11-2019 | Conceder a axuda material escolar por importe de 137,55 euros. Solicitante: PAMM |
| 2376/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ESLG, Expediente nº 3446 |
| 2377/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de TBH, Expediente nº 3447 |
| 2378/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de EF da S, Expediente nº 3448 |
| 2379/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de DAWO, Expediente nº 3460 |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|--|
| 2380/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AEW, Expediente nº 3481 |
| 2381/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de I da CLL, Expediente nº 3490 |
| 2382/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de LFP, Expediente nº 3491 |
| 2383/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de D P de S, Expediente nº 3492 |
| 2384/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de LYGE, Expediente nº 3494 |
| 2385/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AGC, Expediente nº 3500 |
| 2386/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AFML, Expediente nº 3512 |
| 2387/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JMGB, Expediente nº 3516 |
| 2388/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JCC G, Expediente nº 3518 |
| 2389/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JLMM, Expediente nº 3520 |
| 2390/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de OAB , Expediente nº 3521 |
| 2391/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de G del RG de B, Expediente nº 3522 |
| 2392/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de GL de S, Expediente nº 3570 |
| 2393/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MFC de O, Expediente nº 3575 |
| 2394/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de DO S, Expediente nº 3623 |
| 2395/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes da menor SP de S, Expediente nº 3493 |
| 2396/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes da menor V B G, Expediente nº 3523 |
| 2397/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor A A B G, Expediente nº 3524 |
| 2398/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor FMLR, Expediente nº 3574 |
| 2399/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor GACL, Expediente nº 3577 |
| 2400/2019 | 28-11-2019 | Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes da menor AVCL, Expediente nº 3578 |
| 2401/2019 | 28-11-2019 | Concesión axuda aluguer a MTCP. por importe de 300 euros |
| 2402/2019 | 28-11-2019 | Denegación axuda factura gas e luz a AHC por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade |

| | | |
|-----------|------------|---|
| 2403/2019 | 28-11-2019 | Aprobación lista de admitidos actividades deportivas mes de novembro |
| 2404/2019 | 28-11-2019 | Aprobación pagamento diferencias nómina do mes de novembro de 2019 por un importe bruto de 2.909,53 euros |
| 2405/2019 | 28-11-2019 | Conceder anticipo por importe de 3.000 euros á funcionaria de carreira Cristina Armenta Vilariño |
| 2406/2019 | 28-11-2019 | Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en rúa Estanque de Abaixo, O Temple. Propiedade: E, S.L.. |
| 2407/2019 | 28-11-2019 | Orde de execución por estado de muro de peche en finca sita en Estorrentada, Cambre. Propiedade: CLG |
| 2408/2019 | 28-11-2019 | Expediente sancionador por carecer de cartel informativo no local O Recuncho de prohibición de venta de bebidas alcohólicas a menores de idade. Propiedade: CMP |
| 2409/2019 | 28-11-2019 | Axudas por emerxencia social alimentos MT |
| 2410/2019 | 28-11-2019 | Orde de execución por vertido de augas pluviais a camiño desde nave sita en Camiño da Carreira, A Xira, Sigrás. Propiedade: EBF |
| 2411/2019 | 28-11-2019 | Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente a facturas con reparos por importe total de 81.572,09 euros |
| 2412/2019 | 28-11-2019 | Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 28 de novembro de 2019 |

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación número 2019/C006/000005, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á subscrición dunha póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre

- Proposta de adxudicación da “Subministración de mobiliario para as novas dependencias da Biblioteca Central de Cambre”, a prol do licitador “Suministros Técnicos de Galicia, S.L.”, no prezo ofertado de 54.282,22 euros sen IVE, 65.681,49 euros IVE incluído. Expte: 2019/C005/000008

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen á Xunta de Goberno Local.

A. Aprobación do expediente de contratación número 2019/C006/000005, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á subscrición dunha póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Concello de Cambre ten a necesidade de contar coa correspondente póliza que garanta a responsabilidade civil obrigatoria, responsabilidade civil voluntaria, defensa e reclamación de danos, accidentes corporais de condutor, rotura de vidros e asistencia en viaxe, para todos os vehículos e máquinas propiedade do Concello de Cambre .

Con data do 22 de novembro de 2019, elaborouse polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o prego de prescricións técnicas para a contratación da citada póliza, con efectos desde o 01.03.2020 e un importe de prima anual máximo de 29.000,00 euros.

Con data do 22 de novembro de 2019, asínase polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, penalidades administrativas, obrigas esenciais e condicións especiais de execución do contrato .

Con data do 27 de novembro de 2019 asínase polo xefe da Unidade de Réxime Interior municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, xustificación da non división en lotes e da elección do procedemento, cun valor estimado total de 95.700,00 euros e un orzamento base de licitación de 29.000,00 euros

Consta Informe de Intervención asinado o 14 de novembro de 2019 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2019 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22400, se ben o presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, xa que a execución material do presente contrato comezará no exercicio orzamentario de 2020.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 27 de novembro de 2019, de inicio do expediente de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 2 de decembro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para cumprir coas competencias que ten atribuídas o Concello na súa calidade de Administración Pública con personalidade xurídica e con persoal e patrimonio propio, de conformidade co establecido na

normativa de seguros (Lei 50/80 do contrato de seguros, e Lei 26/2006 de mediación de seguros e reaseguros privados), polo que cómpre contar coas correspondentes pólizas de seguro que garantan os danos que poidan causar os vehículos e máquinas propiedade do Concello de Cambre, en canto Administración Pública con personalidade e patrimonio propio e como prestadora de servizos, co que queda debidamente xustificada a necesidade do contrato para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos arts. 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En concreto, o obxecto desta contratación consiste na suscripción dunha póliza de seguros que, con efectos desde o día 1 de marzo de 2020, garanta a responsabilidade civil obrigatoria, responsabilidade civil voluntaria, defensa e reclamación de danos, accidentes corporais de condutor, rotura de vidros e asistencia en viaxe, para todos os vehículos e máquinas propiedade do Concello de Cambre.

Con esto queda debidamente xustificada a necesidade da contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C006/000005, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á suscripción dunha póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre, cun valor estimado total de 95.700,00 euros e un orzamento base de licitación de 29.000,00 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que a execución material do presente contrato comezará no exercicio orzamentario de 2020, tendo en conta que a efectividade da póliza que se vai contratar comezará o día 1 de marzo de 2020. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece que *“Se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte (...), sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente”*, tanto a adxudicación do presente contrato, como as súas posibles prórrogas, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva existencia de crédito no exercicio orzamentario correspondente.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto : Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación,

composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O xefe da Unidade de Réxime Interior municipal don Manuel Vázquez Regueira, e como suplente, o auxiliar de Réxime Interior don Marcelo Barros Ruiz.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B. Proposta de adxudicación da "Subministración de mobiliario para as novas dependencias da Biblioteca Central de Cambre", a prol do licitador "Suministros Técnicos de Galicia, S.L.", no prezo ofertado de 54.282,22 euros sen IVE, 65.681,49 euros IVE incluído. Expte: 2019/C005/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C005/000008 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado mediante aplicación de fórmulas, da “Subministración de mobiliario para as novas dependencias da Biblioteca Central de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 76.058,51 sen IVE, 92.030.80 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 18 de outubro de 2019 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 13 de novembro de 2019, a prol do licitador “Suministros Técnicos de Galicia, SL.” no prezo ofertado de 54.282,22 euros sen IVE, 65.681,49 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, unha vez xustificada suficientemente a súa oferta, inicialmente incursa en presunción de ser anormalmente baixa, segundo informe da bibliotecaria-arquiveira municipal do 6 de novembro de 2019 ratificado pola Mesa de Contratación en sesión de 13 de novembro de 2019.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, segundo informe da bibliotecaria-arquiveira municipal de data 28 de novembro de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 2 de decembro de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 406/2019 emitido polo interventor municipal con data do 2 de decembro de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 9 e 18 de outubro de 2019, admitir as proposicións presentadas polas seguintes empresas, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 14 do PCAP, ao ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II de dito prego e formular a súa proposición estritamente conforme ao modelo do Anexo III, acompañando correctamente o

orçamento co cadro de prezos desagregados de cada un dos artigos e unidades que integran o obxecto do contrato:

- Asmobel, S.A.
- Fernando Becedas, S.L.
- Suministros Técnicos de Galicia, S.L.

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 9 de outubro de 2019, e tendo en conta o disposto na Cláusula Primeira, punto 2, do Prego de prescricións técnicas, segundo a cal: *“as características e deseño de cada unha das subministracións son as descritas no punto 6 deste prego. As ditas características considéranse obrigatorias, (...) polo que se se deran discrepancias entre as subministracións ofertadas, ben nas fichas técnicas que deberán aportar os licitadores (...)”*, así como a Cláusula 1ª do PCAP, segundo a cal: *“O presente contrato ten natureza administrativa de subministracións (...) e rexerese polo disposto no presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no Prego de Prescricións Técnicas Particulares e demais documentación técnica presentada polo licitador, que revestirán carácter contractual”*, prego que acepta o propio licitador no punto 1º do Modelo de Proposición (Anexo III do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares), asinado polo mesmo, no que declara que: *“1º - Coñece e acepta incondicionalmente o contido íntegro do Prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas, que expresamente asume e acata na súa totalidade, sen salvedade nin reserva algunha.”*, e o previsto na Cláusula 16.2 “Rexeitamento de proposicións” do PCAP, que establece que: *“Se algunha proposición (...) variara substancialmente o modelo establecido..., será rexeitada pola mesa, en resolución motivada”*, excluír a oferta presentada por “Grumar Tradin, S.L.”, por variar as características e deseño das seguintes subministracións descritas na Cláusula Primeira, punto 6 *“Especificacións relativas a: número de unidades, características técnicas, prezos unitarios”* do Prego de Prescricións Técnicas (PPT) que rexen este contrato:

| DESCRIPCIÓN DE LOS ARTÍCULOS SEGÚN PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS | DESCRIPCIÓN DE LOS ARTÍCULOS OFERTADOS POR GRUMAR TRADIN, S.L. |
|--|---|
| RECEPCIÓN | |
| <p>Sillón de trabajo. Respaldo alto con apoio regulable en zona lumbar Brazos 4d, regulables en altura, anchura, profundidade y giro. Apoyabrazos en poliuretano flexible. base giratoria de cinco radios realizada en poliamida negra reforzada en fibra de vidro ruedas de 65 mm blandas. regulación de altura por pistón de gas. mecanismo sincronizado de asento y respaldo ajuste de tensión rápida según el peso del usuario rango estimado de peso entre 45 y 120 kg regulación lumbar</p> | <p>Sillón de trabajo. Respaldo alto con apoio regulable en zona lumbar Brazos 4d. Base giratoria de cinco radios realizada en poliamida negra reforzada en fibra de vidro Ruedas de 65 mm blandas. Regulación de altura por pistón de gas. Mecanismo sincronizado de asento y respaldo Ajuste de tensión rápida según el peso del usuario Regulación lumbar Parada multi-posicional y sistema anti-shock (antiretorno de seguridad) Regulación de la profundidade del asento.</p> |

| | |
|---|--|
| <p>parada multi-posicional y sistema anti-shock (antiretorno de seguridad) regulación de la profundidad del asiento en función de las medidas antropomórficas del usuario.(hasta 60 mm) respaldo en malla tejido enmarcado de poliamida reforzada con fibra de vidrio. asiento tapizado en tejido.</p> | <p>Respaldo en malla tejido enmarcado de poliamida reforzada con fibra de vidrio. Asiento tapizado en tejido.</p> |
| ZONA INFANTIL-JUVENIL | |
| <p>SILLA de dimensiones infantiles Tubo redondo de aprox. ϕ16x2mm y ϕ14x2mm y tubo elíptico de 32x18x2mm., de acero laminado en frío. Soldadura semiautomática en robot de arco con aporte de hilo de acero controlado con gas. Estructura lacada. Carcasa en polipropileno. Asiento en polipropileno en 2 colores. 3 alturas diferentes para niños: 38/34/30</p> | <p>SILLA de dimensiones infantiles Tubo redondo de aprox. ϕ16x2mm y ϕ14x2mm y tubo elíptico de 32x18x2mm., de acero laminado en frío. Carcasa en polipropileno. Asiento en polipropileno en 5 colores. 3 alturas diferentes para niños: 39/36/32</p> |
| <p>SILLÓN estructura varilla, sin brazos, asiento y respaldo tapizado Carcasa de madera de abedul o roble contrachapeada. Tubo redondo de diámetro aprox. 14x2mms., de acero laminado en frío. Soldadura semiautomática en robot de arco con aporte de hilo de acero controlado por gas. Base de 4 apoyos de aluminio lacado con topes antideslizantes. Estructura acero lacada, base aluminio pulido. Carcasa en madera 2D o tapicería. Asiento tapizado.</p> | <p>SILLÓN Estructura varilla, sin brazos. Asiento y respaldo tapizado Carcasa de madera de haya curvada. Tubo redondo de diámetro aprox. 14x2mms., de acero laminado en frío. Base de 4 apoyos con topes antideslizantes. Estructura acero. Carcasa en madera 2D o tapicería. Asiento tapizado</p> |
| ZONA ADULTOS | |
| <p>SILLA Tubo redondo de aprox. ϕ16x2mm y ϕ14x2mm y tubo elíptico de 32x18x2mm., de acero laminado en frío. Brazos y soportes de aluminio inyectado Soldadura semiautomática en robot de arco con aporte de hilo de acero controlado con gas. Estructura lacada (con brazos en acero lacado, en polipropileno y aluminio lacado). Carcasa y asiento en polipropileno.</p> | <p>SILLA Estructura interna de inyección de aluminio. Patas Aluminio extrudido de 28 x 22 x 5 mm de espesor en acabado: Aluminizado ó blanco, con tapones de polipropileno con goma antideslizante de Polietileno (PE) con fieltro, Brazos y soportes de aluminio inyectado Carcasa y asiento en poliuretano flexible</p> |
| <p>SILLÓN Estructura varilla, sin brazos. Asiento y respaldo tapizado Carcasa de madera de abedul o roble contrachapeada Tubo redondo de diámetro aprox. 14x2mms., de acero laminado en frío. Soldadura semiautomática en robot de arco con aporte de hilo de acero controlado por gas. Base de 4 apoyos de aluminio lacado con topes antideslizantes. Estructura acero lacada, base aluminio pulido. Carcasa en madera 2D o tapicería. Asiento tapizado.</p> | <p>SILLÓN Estructura varilla, sin brazos. Asiento y respaldo tapizado Carcasa de madera de haya curvada. Tubo redondo de diámetro aprox. 14x2mms., de acero laminado en frío. Base de 4 apoyos con topes antideslizantes. Estructura acero. Carcasa en madera 2D o tapicería. Asiento tapizado</p> |

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 18 de outubro de 2019, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios evaluables mediante fórmulas, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en **57.390,96 euros** sen IVE:

- **Puntuacións outorgadas á empresa “Asmobel, S.A.”:**

| | PREZO | PRAZO DE GARANTÍA | PRAZO DE ENTREGA | PRAZO DE RESPONSA A PEQUENAS REPARACIÓN QUE NON REQUIRAN FABRICACIÓN (Servizo post-venta e asistencia técnica) | PRAZO DE RESPONSA A REPARACIÓN QUE REQUIRAN FABRICACIÓN (Servizo post-venta que requira fabricación) |
|----------------------------|--|-------------------|------------------|--|--|
| | Sen IVE: 65.546,00 € IVE (21%): 13.764,66 € Total: 79.310,66 € | 6 anos | 21 días naturais | 1 día laborable | 7 días laborables |
| Puntos por criterio | 33,79 | 10 | 6 | 3 | 5 |
| TOTAL PUNTOS | 57,79 | | | | |

- **Puntuacións outorgadas empresa “Fernando Becedas, S.L.”:**

| | PREZO | PRAZO DE GARANTÍA | PRAZO DE ENTREGA | PRAZO DE RESPONSA A PEQUENAS REPARACIÓN QUE NON REQUIRAN FABRICACIÓN (Servizo post-venta e asistencia técnica) | PRAZO DE RESPONSA A REPARACIÓN QUE REQUIRAN FABRICACIÓN (Servizo post-venta que requira fabricación) |
|----------------------------|---|-------------------|------------------|--|--|
| | Sen IVE: 64.649,30 € IVE (21%):13.576,35 € Total: 78.225,65 € | 7 anos | 15 días naturais | Menos de 1 día laborable | 7 días laborables |
| Puntos por criterio | 36,67 | 10 | 10 | 5 | 5 |

| | |
|---------------------|--------------|
| TOTAL PUNTOS | 66,67 |
|---------------------|--------------|

- Puntuacións outorgadas á empresa “Suministros Técnicos de Galicia, S.L.”:

| | PREZO | PRAZO DE GARANTÍA | PRAZO DE ENTREGA | PRAZO DE RESPONSA A PEQUENAS REPARACIÓN QUE NON REQUIRAN FABRICACIÓN (Servizo post-venta e asistencia técnica) | PRAZO DE RESPONSA A REPARACIÓN QUE REQUIRAN FABRICACIÓN (Servizo post-venta que requira fabricación) |
|----------------------------|--|-------------------|------------------|---|---|
| | Sen IVE: 54.282,22 € IVE (21%): 11.399,27 € Total: 65.681,49 € | 6 anos | 15 días naturais | 1 día laborable | 7 días laborables |
| Puntos por criterio | 70,00 | 10 | 10 | 3 | 5 |
| TOTAL PUNTOS | 98,00 | | | | |

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado; garantía; prazo de entrega e instalación; servizo post-venta e asistencia técnica, e servizo post-venta que requira fabricación):

| EMPRESA | PUNTOS |
|---------------------|--------|
| SUTEGA SL | 98 |
| FERNANDO BECEDAS SL | 66,67 |
| ASMOBEL SA | 57,79 |

Quinto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 18 de outubro e 13 de novembro de 2019, adjudicar a “Subministración de mobiliario para as novas dependencias da Biblioteca Central de Cambre” á favor da empresa “**Suministros Técnicos de Galicia, SL.**”, con NIF B15213911 e domicilio en Ronda de Nelle 144 - 15010 A Coruña (A Coruña), no prezo ofertado de 54.282,22 euros sen IVE (65.681,49 euros IVE incluído), un prazo de garantía de 6 anos, un prazo de entrega de 15 días naturais, un prazo de resposta a pequenas reparacións que non requiran fabricación (Servizo post-venta e asistencia técnica) de 1 día laborable e un prazo de resposta a reparacións que requiran fabricación (Servizo post-venta que requira fabricación) de 7 días laborables, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, ter xustificado suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en

presunción de ser anormalmente baixa, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares , de conformidade co artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada, no incremento do prazo de garantía a seis anos, no prazo de entrega dos artigos en 15 días naturais, no prazo de resposta para pequenas reparacións 1 día laborable e no prazo de resposta para reparacións con fabricación en 7 días laborables.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Sétimo: Nomear como responsable do contrato ao coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, de conformidade co establecido na cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público , facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.



Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia